

## **PROVIDENCIA DA PRESIDENCIA**

Vista a elaboración do Orzamento da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2024, segundo o establecido nos artigos 162 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo,

### **DISPOÑO**

**PRIMEIRO.** Incoar o expediente para aprobar o orzamento da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2024, con todos os documentos e anexos que o forman.

**SEGUNDO.** Que pola secretaría da Deputación Provincial de Ourense se emita informe xurídico en relación coa lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

**TERCEIRO.** Que pola Intervención desta entidade se emita o informe sobre a aprobación do orzamento e informe sobre o cálculo da Estabilidade Orzamentaria e a Sustentabilidade Financeira.

**CUARTO.** Que, unha vez subscritos os informes necesarios para a aprobación do Orzamento, se poña a disposición da Secretaría o expediente completo para a súa remisión á Presidencia da Deputación Provincial de Ourense e a súa inclusión na orde do día da seguinte sesión do Pleno do consorcio, órgano competente para a súa aprobación segundo o exposto no artigo 12 de os seus propios estatutos

**QUINTO.** Finalmente, se elevará ao Pleno da Deputación Provincial de Ourense na próxima sesión que se celebre, para o seu estudo e proposta de aprobación inicial.

**SEXTO.** Expor ao público o Orzamento provincial, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

**SÉTIMO.** Remitir unha copia do Orzamento da Deputación Provincial ás Administracións pertinentes.

En Ourense, na data da sinatura electrónica